

# Concertos didácticos da Banda Municipal de Música de Santiago

## “Os venres, concerto” Curso 2005-2006



**Tipo de actividade:** concertos didácticos consistentes nunha audición didáctica.

### Obxectivos:

1. Aproximar aos participantes a música clásica e popular.
2. Facilitar o coñecemento da Banda Municipal de Música de Santiago e, ao mesmo tempo, uns dos espazos culturais máis significativos da cidade como son o Teatro Principal e o Auditorio de Galicia.
3. Obxectivo é coñecer os instrumentos e a sonoridade da banda, diferenciando os distintos estilos musicais interpretados pola Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

### Contidos:

☞ A música como forma de expresión e comunicación. A linguaxe musical.

- Usos sociais da música e, en particular, da Banda: concertos, festas e actos solemnes.
- As bandas de música. Historia da Banda Municipal de Santiago.
- Estructura, organización e membros da Banda Municipal de Música de Santiago.
- Os instrumentos de Banda.

☞ *Referidos a procedementos:*

- Audición e recoñecemento dos diferentes elementos da linguaxe musical.
- Respetar as normas de participación en audicións ou espectáculos musicais.

☞ *Referidos a actitudes e valores:*

- Apreciación e deleite coa audición de obras e espectáculos musicais como unha oferta de lecer.
- Valoración da Banda Municipal como parte do patrimonio cultural e social da cidade.

### “Os instrumentos da Banda de Música”

Alumnado de educación infantil e 1º ciclo de primaria

#### 1ª parte

Nesta primeira parte do concerto explícaselle aos nenos/as participantes que é unha Banda de Música e que instrumentos forman parte desta agrupación:

- Instrumentos de vento- madeira (fautas, clarinetes, oboe, saxofóns)
- Instrumentos de vento-metal (trompas, trompetas, fliscorno, trombóns, bombardinos, tubas)
- Instrumentos de Percusión (timbais, bombo, caixa, pratos, batería, lira, xilófono, pandeireta, triángulo, etc...)

Na presentación dos instrumentos os profesores da Banda interpretan unha pequena peza musical para que os nenos coñezan a sonoridade dos instrumentos.

#### 2ª parte

Interpretación de varias obras a cargo de todos os instrumentos da Banda, con comentarios sinxelos respecto da obra, compositor e exemplos musicais, de cada unha delas.

|                                |                     |              |
|--------------------------------|---------------------|--------------|
| Moment for Morricone           | Selección           | E. Morricone |
| As alegres comadres de Windsor | Obertura            | O. Nicolai   |
| A festa das Trompetas          | Polka               | R. Anderson  |
| Glissandos                     | Polka para Trombóns | G. Anklin    |

#### 3ª parte

Nesta parte facemos partícipes aos nenos/as na dirección da Banda, escollendo ao azar a varios rapaces para que suban a dirixila.

# Concertos didácticos da Banda Municipal de Música de Santiago

## "Os venres, concerto" Curso 2005-2006



### "As formas musicais"

Alumnado de 2º- 3º ciclo de primaria e ESO

#### 1ª parte

Nesta primeira parte do concerto explícaselle aos nenos/as participantes que é unha Banda de Música e que instrumentos forman parte desta agrupación:

- Instrumentos de vento- madeira (fautas, clarinetes, oboe, saxofóns)
- Instrumentos de vento-metal (trompas, trompetas, fliscorno, trombóns, bombardinos, tubas)
- Instrumentos de Percusión (timbais, bombo, caixa, pratos, batería, lira, xilófono, pandeireta, triángulo, etc...)

Na presentación dos instrumentos os profesores da Banda interpretan unha pequena peza musical para que os nenos coñezan a sonoridade dos instrumentos.

|                                 |          |              |
|---------------------------------|----------|--------------|
| Aquarium                        | Suite    | J. de Meij   |
| Orfeo nos infernos              | Obertura | J. Offenbach |
| Marcha turca da sonata la maior |          | W. A. Mozart |
| Mozos de penedo                 | Muiñeira | M. Novoa     |

| DATAS    | LUGAR        | DESTINATARIOS              | TÍTULO DO CONCERTO   |
|----------|--------------|----------------------------|----------------------|
| 3 marzo  | T. Principal | 2º e 3º ciclo de primaria. | "As formas musicais" |
| 12 maio  | T. Principal |                            |                      |
| 30 maio  | T. Principal |                            |                      |
| 10 marzo | Auditorio    |                            |                      |
| 17 marzo | Auditorio    |                            |                      |
| 7 abril  | Auditorio    |                            |                      |
| 24 marzo | Auditorio    | E.S.O.                     |                      |

#### Destinatarios:

Centros de educación infantil, primaria e ESO

**Hora de inicio:** 10,30 h.

**Duración:** 1 hora, aproximadamente.

**Total de sesións:** 13 sesións.

**Lugar de realización:** Teatro Principal e Auditorio de Galicia.

**Quen fai a actividade:** Banda Municipal de Música.

**Materiais de apoio:** Unidade didáctica: Colección Coñecer nº 4 "A Banda Municipal de Música" e carpeta de documentación para o profesorado.

**Forma de inscrición:** mediante o impreso correspondente.

Enviar por fax ou correo electrónico.

**Período de inscrición:** ata o 1 de marzo de 2006.

**Información:** Departamento de Educación e Mocidade.

Tfnos.: 981- 554 400/ 554 401. Fax: 981- 571 511.

[dptoeducacion@aytocompostela.es](mailto:dptoeducacion@aytocompostela.es)

#### Calendario de concertos:

| DATAS       | LUGAR                | DESTINATARIOS                      | TÍTULO DO CONCERTO                   |
|-------------|----------------------|------------------------------------|--------------------------------------|
| 17 febreiro | Auditorio de Galicia | E. Infantil e 1º ciclo de primaria | "Os instrumentos da Banda de Música" |
| 24 febreiro | Auditorio            |                                    |                                      |
| 21 Abril    | T.Principal          |                                    |                                      |
| 5 maio      | T.Principal          |                                    |                                      |
| 19 maio     | T.Principal          |                                    |                                      |
| 28 abril    | Auditorio G.         |                                    |                                      |

**Organiza:** Departamento de Educación e Mocidade, Departamento de Cultura e Banda Municipal de Música de Santiago.